

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ENTIDADE FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA EXPERIENCIAL DE FORMACIÓN E EMPREGO "RenÓbrate"

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. Diego Vázquez Reino, como presidente da Fundación Laboral da Construción, con CIF G80468416 e con domicilio social na rúa Pontepedriña de Arriba nº 13, 15705 Santiago de Compostela, que en virtude do nomeamento como presidente do Consello Territorial de Galicia da Fundación Laboral da Construción, na reunión do Consello Territorial de Galicia do día 28 de novembro de 2019 (acta núm. 201), ostenta a representación da Fundación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. No informe publicado pola Plataforma Tecnolóxica Española da Construción, recóllese que o 22% das persoas traballadoras no sector da construción vaise xubilar na próxima década e polo impacto que isto pode supor, leva a reflexionar sobre cantas persoas están interesadas en traballar neste sector e a permanecer en él, tendo en conta que aínda persiste unha imaxe de sector menos atractivo que outros para desenvolver unha traxectoria profesional (esfuerzo físico, progreso profesional, conciliación, etc). No caso concreto de Galicia, en base a información da Federación Galega da Construción e do Clúster da Construción de Galicia, estímase que na próxima década o sector demandará por



ano ao redor de 3.500 persoas traballadoras máis.

Sen dúbida resulta necesario atraer talento a este sector e ese talento precisa de cualificación, a cal se pode adquirir por diferentes vías pero non todas responden simultaneamente ás necesidades do sector e ao perfil de persoas que forman parte da nosa sociedade e que poden estar interesados en traballar na construción. Neste sentido cómpre salientar o crecemento notable entre os anos 2020-2026 da porcentaxe de traballadores estranxeiros no sector da construción, tanto en España como en Galicia, converténdose nun pilar fundamental para relevo xeracional dun sector envellecido. O presente programa a desenvolver a través deste convenio ten como finalidade formar profesionais cualificados a partir dunha tripla dimensión: perfil profesional da persoa participante/tecido empresarial do territorio con demanda deste tipo de profesionais/formación deseñada para dar resposta a esa necesidade empresarial.

Segundo. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Terceiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego ten, entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, singularmente, a coordinación da participación das entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

De conformidade co exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de fomento do emprego digno (PAFED) e no eido da colaboración institucional.

Entre as ditas medidas están os programas públicos mixtos de formación-emprego que forman parte dos programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional



de Empleo, e regulados polo Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Empleo.

Cuarto. A entidade Fundación Laboral de la Construcción (en adiante Fundación) é unha entidade non lucrativa creada pola disposición adicional do I Convenio General de la Construcción (CGSC), publicado en 1992 que ten como fin prestar servizos encamiñados a profesionalizar e dignificar os distintos oficios e empregos no sector da construción a través do estudo, programación e desenvolvemento dos servizos de fomento de formación profesional, mellora da saúde e seguridade no traballo, e do emprego. Os estatutos da entidade establecen que para desenvolver estes fins, a Fundación poderá poñer en marcha proxectos formativos que teñan que ver coa súa actividade.

A Fundación está formada polos principais interlocutores do sector: Confederación Nacional de la Construcción (CNC), Comisiones Obreras del Hábitat (CCOO – Hábitat) e a Federación de Industria, Construcción e Agro de UGT (FICA-UGT) que segundo o Convenio Colectivo do Sector está financiado entre outros, por unha cuota obrigatoria das empresas. Trátase da entidade de referencia do Sector da Construcción declarado como Estratéxico pola Xunta de Galicia. Segundo estimacións de diferentes institucións, necesitará contratar nos próximos anos entorno a 3.500 traballadores/as ao ano. Esta falta de persoal é crítica non só para o sector senón tamén para a sociedade en xeral, xa que sen dita incorporación pódese poñer en risco a capacidade de dar resposta a un dos principais problemas da sociedade galega, como é a necesidade de construír vivenda nova de calidade e accesible á maioría da poboación galega.

Quinta. Por outra banda, a Fundación é unha entidade con experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de emprego-formación dirixidos a mellorar a cualificación das persoas desempregadas e a incrementar as súas posibilidades de inserción laboral; nesta liña ven apostando por programas vinculados ás familias profesionais Edificación e Obra civil e Industrias extractivas xustificando ademais pola necesidade de incorporar persoal cualificado ao sector da construción. No marco desta experiencia, detéctase a necesidade dunha especialización de determinadas funcións así como afondar en determinados coñecementos vencellados á realidade territorial do sector da construción galega, xa que se ben existen certificados profesionais do sistema de formación profesional no ámbito das citadas familias profesionais, o certo é que no marco deste proxecto vaise un chanzo máis alá co obxectivo de buscar unha



especialización, o que xustifica a realización dunha formación deseñada “ad hoc” vencellada ás peculiaridades desa realidade do sector da construción galego. A maioría das empresas galegas son micropemes que necesitan perfís moi polivalentes e difíciles de formar a través do sistema de formación regrado. Ademais, en moitos casos é necesario unha formación específica asociada ás peculiaridades da construción tradicional de Galicia e cunha aplicación práctica en actuacións concretas de interese público e social.

Deste xeito, e en base ao establecido no punto dous da Disposición adicional primeira do Real Decreto 1065/2025, do 26 de novembro, polo que se desenvolve o réxime do contrato formativo, previsto no artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, ao non existir un certificado profesional do sistema de formación ou especialidade do Catálogo de Especialidades Formativas relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, a actividade formativa poderá estar constituída polos contidos formativos aprobados polos servizos públicos de emprego competentes. Consonte a isto, a actividade formativa que consta na proposta realizada pola Fundación e reflectida como anexos a este convenio, foi autorizada pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego. Dita actividade formativa poderá adaptarse ás necesidades do tecido empresarial das áreas de actuación do plan, previa autorización da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Sexto. O presente programa piloto de formación nace como unha resposta directa a estas necesidades e oportunidades. Pretende dotar das competencias necesarias a persoas sen coñecementos ou con coñecementos moi básicos, e que se atopen en situación de desemprego, orientándoas á realidade concreta das necesidades do sector da construción. Deste xeito, o programa contribúe simultaneamente á realización de obras de interese público e social e á consolidación de emprego cualificado e estable no ámbito local.

Estas necesidades particulares do ámbito de actuación da Fundación motivan a realización dun programa de capacitación en traballos de cantería, albanelería e obra civil nos concellos de Arteixo, O Carballiño, Sanxenxo e Santiago de Compostela e consonte ás actuacións e programa formativo que constan no anexo a este convenio, co obxectivo xeral de reforzar e actualizar a capacitación profesional de persoas en situación de desemprego, dotándoas de competencias técnicas específicas para realizar as obras de



interese público e social. Co fin de garantir o carácter de interese público as intervencións decidiranse en colaboración cos Concellos de Arteixo, O Carballiño e Sanxenxo así como co Consorcio da cidade de Santiago de Compostela-Concello de Santiago de Compostela. Estes entes públicos terán a obriga de asinar un convenio de colaboración coa Fundación Laboral da Construción co fin de dar cobertura legal ás actuacións a realizar, xa que se levarán a cabo en espazos e/ou instalacións da súa titularidade. Ademais, nese convenio ditas institucións comprométense a financiar os custos de material e maquinaria necesarios para realizar as actuacións propostas, e que non estean cubertos por este convenio.

Sétimo. O Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego, recolle no seu artigo 12, que os programas regulados nese real decreto, poderán ser xestionados e financiados polas administracións competentes mediante a concesión de subvencións públicas, contratación administrativa, subscripción de convenios, xestión directa ou calquera outra figura axustada a dereito.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Oitavo. Tendo en conta que as condicións de pagamento establecidas neste convenio de colaboración exceden dos límites previstos no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma, para a tramitación deste convenio será precisa autorización do Consello da Xunta.

En virtude do anterior, e acreditado que a Fundación cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes



CLAÚSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a realización, dentro das políticas activas de emprego previstas na comunidade autónoma, dun programa experiencial de emprego-formación para o fomento da empregabilidade das persoas en situación de desemprego de Galicia de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante, durante un período de nove meses, a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación recibida aprobada polo servizo público de emprego, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

2. Así mesmo, establécese como obxectivo específico que a Fundación promova e acade que o 60% do alumnado-traballador participante formalice, no prazo máximo de dous meses dende que remate o programa, un contrato de traballo por conta allea durante un mínimo de 3 meses a xornada completa, para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia.

3. O programa experiencial de emprego "RenÓbrate" comprende catro proxectos que se van desenvolver en Concellos de Arteixo, O Carballiño e Sanxenxo así como co Consorcio da cidade de Santiago de Compostela-Concello de Santiago de Compostela, segundo o detalle que consta no anexo ao presente convenio. O número total de alumnado participante neste programa experiencial de emprego é de 80, contado cada un dos catros proxectos con 20 alumnos/as traballadores participantes.

Segunda. Contido do programa experiencial de emprego-formación "RenÓbrate"

Este programa experiencial está deseñado para, mediante un sistema de emprego-formación adaptado ao perfil do conxunto do alumnado traballador, completar os coñecementos e perfeccionar as competencias e habilidades no ámbito de ocupacións vinculadas ás familias profesionais industrias extractivas e edificación e obra civil.

A) Alumnado-traballador participante

1. Poderán participar como alumnado-traballador neste programa aquelas persoas que, estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha



idade igual ou superior aos dezoito anos e se axusten aos requisitos e criterios que se establezan pola Fundación previamente validados pola consellería.

2. En todo caso, para poder participar neste programa como alumnado-traballador, é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de estar vinculado mediante un contrato de tales características ao programa, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, de acordo co previsto no art. 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

B) Duración

1. A etapa de formación en alternancia coa práctica profesional terá unha duración de nove meses e estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

2. O inicio da formación e as prácticas profesionais deberá iniciarse no prazo máximo de 2 meses desde a sinatura do presente convenio.

3. A Fundación desenvolverá accións de prospección de empresas con centro de traballo en Galicia para identificar oportunidades de emprego para o alumnado-traballador participante no programa coa finalidade de que poidan ser contratados por conta allea durante un mínimo de tres meses a xornada completa, en ocupacións do ámbito das materias impartidas.

A data límite para o inicio das contratacións por conta allea será de dous meses a contar desde a finalización do programa.

C) Formación e etapa en alternancia coa práctica profesional

1. Durante o desenvolvemento do programa, o alumnado-traballador recibirá formación, segundo o plan formativo incluído no anexo do presente convenio, alternándoa coa práctica profesional. Preferentemente, a actividade laboral práctica deberá supor o 65% da xornada laboral. O dito plan formativo foi autorizado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. Desde o inicio da súa participación no programa, o alumnado-traballador será contratado pola entidade promotora na modalidade de contrato de formación en alternancia, polo que deberá reunir, para formalizar o devandito contrato, os requisitos que alude o artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, modificado polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de



medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1065/2025, do 26 de novembro, polo que se desenvolve o réxime do contrato formativo, previsto no artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

A duración dos contratos de traballo subscritos co alumnado-traballador non poderá exceder á data de finalización do programa, cuxa duración é de nove meses. Durante esta etapa o alumnado percibirá as retribucións salariais que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa aplicable e neste convenio.

D) Formación complementaria

No desenvolvemento do programa tamén se impartirá a formación complementaria en igualdade entre mulleres e homes, conciliación e corresponsabilidade familiar e doméstica nos termos dispostos no artigo 124 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, de igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, así como formación en materia de prevención de riscos laborais correspondente á ocupación para desempeñar.

E) Orientación, inserción, información profesional, formación empresarial e asesoramento

1. O alumnado-traballador, durante todo o proceso formativo, recibirá orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial. O programa deberá contar con persoal e métodos axeitados para o efecto.
2. Ao remate da actividade do programa a Fundación prestaralle asesoramento ao alumnado-traballador participante, tanto para a procura de emprego por conta allea como para o establecemento por conta propia.

F) Diplomas

Finalizada a súa participación no programa o alumnado recibirá un diploma de participación, expedido conxuntamente pola Fundación e a consellería, consonte ao modelo que para os efectos se determine.

A formación impartida no marco deste programa é de carácter non formal, e polo tanto non producirá directamente efectos académicos no marco do Sistema de Formación Profesional.

Terceira. Procedemento de selección e contratación do alumnado-traballador

1. A selección do alumnado-traballador participante no programa será realizada pola Fundación, mediante un procedemento específico deseñado en colaboración co Servizo



Público de Empleo de Galicia, atendendo á finalidade do programa e a criterios de igualdade e obxectividade e outros criterios que procuren garantir a maior adaptación das persoas a seleccionar para participar no programa.

2. As bases reguladoras do proceso de selección do alumnado-traballador deberán ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da Fundación.

3. En todo caso, a selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego. Con carácter previo ou no mesmo momento no que se envíe a oferta á oficina de emprego a Fundación remitirá á propia oficina así como ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, as bases reguladoras do proceso de selección.

4. Rematado o procedemento de selección, a Fundación remitirá á oficina de emprego e ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes no modelo que se establecerá pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

5. Tal e como se establece na cláusula segunda do presente convenio, o alumnado seleccionado será contratado pola entidade Fundación dende a súa incorporación ao programa, a través da modalidade do contrato de traballo de formación en alternancia. De acordo co disposto no apartado 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non lles será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) de dito estatuto. Así mesmo nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactancia e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

6. Os contratos de traballo do alumnado formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación, debendo facerse constar a denominación do programa para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán mecanizados e comunicados ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través do aplicativo Contrat@ marcando a opción específica "ET/CO/TE/FD" que figura no apartado "Datos específicos do contrato". Unha vez indicada esta opción aparecerá un despregable que permitirá elixir de entre varias opcións a correspondente a "Alumno/Traballador".



7. As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas do proceso de selección, serán resoltas pola Fundación.

Cuarta. Persoal formador, directivo e de apoio

1. A Fundación, ademais do persoal propio do que dispón en estrutura, poderá seleccionar e contratar para o desenvolvemento do programa, persoal formador, directivo e de apoio, mediante o procedemento que estime axeitado e atendendo á normativa laboral vixente.

En todo caso, a Fundación poderá imputar ao programa persoal propio da entidade que estea asignado ao seu desenvolvemento.

2. Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, nos criterios de selección de todo o persoal formador, directivo e de apoio, considerarase a maior adecuación da cualificación ao posto de traballo ofertado como un criterio estratéxico e, polo tanto, prioritario.

3. No caso de que se realice proceso de selección do persoal formador, directivo e de apoio, as bases reguladoras do proceso de selección, elaboradas e aprobadas pola Fundación deberán ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como no taboleiro de anuncios e na páxina web da Fundación.

4. No caso de facer uso da oferta de emprego e/ou da convocatoria pública, corresponderalle a entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, establecer os baremos e, se e o caso, as probas que poidan aplicarse, así como elaborar as convocatorias ou preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procedese. As ditas ofertas de emprego serán publicadas no Portal de Emprego de Galicia.

A selección definitiva deberá realizarse entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública se é o caso.

No proceso de selección poderase valorar positivamente que as persoas candidatas participasen con anterioridade como docente en programas experienciais de emprego-formación subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.

Terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atopen en situación de desemprego.



5. Rematado o procedemento de selección, a Fundación remitirá á oficina de emprego e ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como persoal formador, directivo e de apoio.

6. En caso de optar por seleccionar ao persoal formador, directivo e de apoio empregando unha oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a Fundación deberá informar á oficina correspondente da finalización do proceso selectivo co fin de proceder ao peche da oferta correspondente.

7. As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola Fundación.

Quinta. Obras e/ou servizos de interese xeral e social nas que se vai a actuar

1. Os programas públicos mixtos de emprego-formación, no que se encadra o presente programa, teñen como obxectivo mellorar a cualificación das persoas alumnas participantes en calquera actividade de utilidade pública ou de interese xeral e social. Deste xeito, o programa ten previsto actuar nos seguintes Concellos: Arteixo, O Carballiño, Sanxenxo e Santiago de Compostela (Consortio de Santiago). A selección definitiva das localizacións terá en conta as necesidades formativas dos participantes, nas que se promoverá a participación do tecido empresarial da zona así como as necesidades e dispoñibilidade de espazos e instalacións das entidades públicas que colaboran neste proxecto. Nos anexos a este convenio recóllense as obras nas que está previsto actuar, sen prexuízo de que as mesmas poidan ter algunha variación e sempre respondendo a obrigatoriedade de que sexan obras ou servizos de utilidade pública ou interese xeral e social.

2. A concreción das obras e/ou actuacións a realizar en cada concello estará determinada no correspondente acordo que a Fundación formalice co concello ou ente público debendo en todo caso acreditar a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar. En todo caso, a Fundación deberá comunicar no prazo máximo dun mes dende a data de sinatura do presente convenio, a relación definitiva das ditas obras/actuacións.

3. No suposto de que algunha das entidades públicas non formalizase o convenio de colaboración inicialmente previsto coa Fundación necesario para a execución das actuacións en espazos da súa titularidade, e en atención ao interese público e social que fundamenta o programa, procederase á adaptación da execución do presente convenio de colaboración a través, ou ben da substitución da entidade que non formalice o convenio por outra que reúna



condicións análogas que permitan levar a cabo o programa RenÓbrate, ou ben o dito programa desenvolverase exclusivamente no ámbito territorial das entidades públicas asinantes dos correspondentes convenios coa Fundación. En todo caso, a imposibilidade de execución do proxecto nun determinado ámbito territorial dará lugar a correspondente minoración da subvención nos termos previstos neste convenio, en función das actuacións non realizadas.

Así mesmo, de conformidade co disposto na cláusula décimo quinta do presente convenio, calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención derivada da falta de formalización dos convenios referidos dará lugar á correspondente modificación do convenio, que deberá ser acordada expresamente polas partes asinantes e tramitada de acordo coa normativa vixente.

Sexta. Compromisos das partes

1. A Fundación comprométese a desenvolver as accións e funcións previstas no presente convenio e poñer a disposición deste os recursos humanos e materiais precisos para a execución do programa, así como tamén impulsar as relacións e alianzas que aporten valor engadido ao obxecto do presente convenio.

2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a colaborar no financiamento dos gastos derivados do programa, de conformidade co establecido nas correspondentes cláusulas deste convenio, así como a prestar o asesoramento preciso para o desenvolvemento do programa.

Sétima. Financiamento e contía da subvención

1. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de un millón oitocentos noventa mil douscentos oito euros (1.890.208,00 €) con cargo á aplicación 14.03.322A.481.0 (proxecto 2014 00543), financiada con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal, e coa seguinte distribución por anualidades e co desglose por cada un dos catro proxectos que consta no anexo a este convenio:

Tipo de gasto	Anualidade 2026	Anualidade 2027
Gastos derivados custos salariais alumnado	769.771,00 €	384.885,00 €
Gastos derivados custos salariais persoal directivo, formador e de apoio	344.832,00 €	172.416,00 €
Gastos xerais de funcionamento e xestión do programa	97.536,00 €	48.768,00 €
N.º máximo de incentivos: 48 (en base ao previsto na	0,00 €	72.000,00 €



cláusula primeira apartado 2 do presente convenio)		
Total	1.212.139,00 €	678.069,00 €

2. Para a determinación das contías relativas aos gastos derivados de custos salariais do persoal directivo, formador e de apoio así como os gastos xerais de funcionamento e xestión do programa, tense de referencia os importes recollidos no artigo 35 do Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro e aplícase o valor establecido na Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego (Diario Oficial de Galicia nº 228, do 25 de novembro), ao tratarse en ambos casos de programas experienciais de emprego-formación.

O valor dos ditos módulos é única para toda a duración do programa, con independencia de que se desenvolva en dous exercicios anuais distintos, sendo o dito valor o seguinte:

-Módulo A (gastos salariais do persoal directivo, formador e de apoio, incluídos os orixinados polas cotas da Seguridade Social por conta da persoa empregadora, derivados de continxencias comúns e profesionais, Mecanismo de Equidade Interxeracional, Fondo de Garantía Salarial e Desemprego) : 4,49 euros/hora/alumno participante.

-Módulo B (gastos xerais de funcionamento e xestión do programa): 1,27 euros/hora/alumno participante.

3. No que atinxe ao gastos salariais derivados da contratación do alumnado traballador participante, o importe a subvencionar pola consellería é o 100% do salario mínimo interprofesional anualmente establecido, incluída a parte proporcional dunha paga e media extraordinaria. Así mesmo, tamén se subvenciona a totalidade das cotas por conta da persoa empregadora correspondentes á Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e desemprego previstas para os devanditos contratos na súa normativa específica.

Computaranse como custo salarial subvencionable as situacións nas que non se presta servizo efectivo como as ausencias xustificadas e os períodos de baixa por incapacidade temporal polos gastos non compensados pola Seguridade Social que sexan asumidos pola Fundación.

Os incrementos debidos ás variacións do importe do salario mínimo interprofesional e as cotizacións sociais poderanse financiar con cargo á aplicación 14.03.322A.481.0, proxecto 2014 00543 ou os equivalentes nos orzamentos vixentes no exercicio en que se produzan.



4. En canto aos incentivos, a Fundación poderá percibir un importe de 1.500 euros por persoa que formalice un contrato de traballo por conta allea, segundo o establecido na cláusula primeira do presente convenio (ata un máximo de 12 incentivos por cada un dos proxectos).

Oitava. Gastos subvencionables

1. Consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

i) Os de formación durante a duración do programa.

ii) Os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriba co alumnado.

iii) Os incentivos á contratación laboral.

iv) Os gastos salariais derivados do persoal formador, directivo e de apoio.

v) Os medios e materiais didácticos e de consumo para a formación.

vi) As amortizacións de instalacións e equipamentos. Para o seu cálculo utilizaranse as táboas de coeficientes anuais de amortización oficialmente establecidas.

vii) As viaxes para a formación do alumnado-traballador.

viii) Gastos de viaxes do persoal formador e directivo do proxecto para asistir a reunións ou xornadas convocadas ou autorizadas, expresamente e por escrito, pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

ix) Os materiais de oficina.

x) Os útiles e ferramentas, sendo subvencionables todos os que resulten imprescindibles para o desenvolvemento das prácticas do alumnado, e cuxo custo unitario de adquisición sexa inferior a 300 euros.

xi) Alugamento de elementos de transporte, de instalacións, de maquinaria, e de equipamentos, excluído calquera tipo de alugamento con opción de compra, como o leasing, que resulten necesarios para a formación do alumnado, cando non dispoña a entidade promotora dos necesarios para o desenvolvemento do proxecto formativo.



xii) Combustible necesario para o funcionamento da maquinaria e transporte utilizada polo alumnado.

xiii) Os gastos xerais como os correspondentes ao consumo de auga, calefacción, comunicacións, limpeza, luz e transportes, excluídos os derivados da súa instalación e conexión.

xiv) Gastos de elaboración dos carteis oficiais e vestiario axeitado de traballo do persoal participante no programa.

xv) Se é o caso, o importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da actuación profesional do persoal do programa durante o funcionamento do proxecto, quedando a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración exonerada de calquera responsabilidade ao respecto.

xvi) Gastos de reparación de maquinaria e equipamentos, sempre que se produza durante o desenvolvemento do programa e como consecuencia do uso dado polas persoas participantes nel. Xunto coa xustificación achegarase un informe asinado pola persoa que desempeña a dirección do programa no que se acrediten as mencionadas circunstancias.

xvii) Gastos destinados á cobertura das medidas de inclusión e igualdade de oportunidades que non impliquen gastos de investimento non subvencionables de acordo co apartado seguinte.

xviii) Gastos asociados á adaptación de postos de traballo e/ou axustes razoables precisos para garantir a participación das persoas con discapacidade que non impliquen gastos de investimento non subvencionables de acordo co apartado seguinte.

xix) Outros gastos de funcionamento que sexan necesarios para o desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Non serán subvencionables os seguintes gastos:

i) As indemnizacións por morte ou de acción social previstas no convenio colectivo da Fundación, e as correspondentes a traslados, suspensións, despedimentos, cesamentos ou finalizacións de contratos, así como o importe do pagamento da retribución correspondente ao período das vacacións anuais non gozadas durante a duración do programa.



ii) Os gastos de investimento tales como a adquisición de inmobles, instalacións, maquinarias e equipamentos.

iii) Os alugamentos de edificios, locais, naves, aulas ou o seu acondicionamento, sempre que non sexa resultado da práctica profesional do alumnado-traballador participante.

iv) Os gastos financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos.

3. En ningún caso, o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo do programa.

4. O importe das cantidades efectivas que se aboarán, estará en función do valor dos módulos, do salario mínimo interprofesional e das cotizacións á Seguridade Social vixentes, do número de alumnado participante e da xustificación dos gastos subvencionados.

Novena. Pagamento da subvención

1. De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, logo da sinatura do convenio, poderá realizarse un pago anticipado polo importe do 90% da subvención concedida para a anualidade 2026, sempre que a dita cantidade non supere o importe correspondente á anualidade 2026. En todo caso, para a tramitación do dito pagamento anticipado, a Fundación terá que achegar copia dos convenios de colaboración asinados coas entidades públicas referidos na cláusula quinta do presente convenio.

2. De acordo do establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, a Fundación queda exonerada da constitución de garantías.

3. O importe aboado no ano inicial poderá ser inferior cando se estime, en función da data de inicio efectiva e, se fose o caso, das previsións achegadas pola Fundación, que o gasto realizado nese ano vai ser inferior ao importe do pagamento máximo do anticipo. Neste caso, unha vez efectuado o correspondente axuste de anualidades, a cantidade non aboada neste anticipo sumarase ao importe que teña dereito a percibir na segunda anualidade.



Antes do 15 de decembro de 2026 a entidade promotora presentará a relación comprensiva dos gastos realizados dende un mes antes da sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2026 da forma e cos requisitos previstos na cláusula décima deste convenio.

A xustificación correspondente a 2027 comprenderá as accións realizadas desde o 1 de decembro de 2026 ata o 30 de xuño de 2027, e deberá ser presentada pola Fundación antes do 31 de xullo de 2027.

4. O importe ou a porcentaxe que resulte restante aboaráselle á Fundación unha vez rematado o programa, xustificadas todos os gastos e presentada a acta de liquidación do expediente nos termos dispostos na cláusula décima deste convenio.

5. Con respecto aos incentivos á contratación, unha vez formalizados os contratos acreditativos das contratacións realizadas, aboaráselle á Fundación o 100% do importe da subvención do programa por este concepto de incentivo.

6. A Fundación, antes de cada recepción de fondos, deberá achegar unha declaración responsable complementaria de estar ao día das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma.

7. No momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, a entidade beneficiaria presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo programa, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Décima. Xustificación e liquidación

1. A xustificación realizarase de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A Fundación remitirá ao Servizo de Promoción de competencias para o emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, os xustificantes dos gastos e dos pagamentos efectuados. A xustificación presentarase segundo o detalle indicado nos modelos que estableza o dito Servizo de Promoción de competencias para o emprego e non se poderán efectuar compensacións entre os distintos conceptos. Así mesmo, achegarase relación dos pagamentos realizados con identificación das persoas perceptoras, detalle das cantidades aboadas e data do seu



pagamento. En todo caso, a xustificación e liquidación realizarase de xeito independente e individualizado por cada un dos catro proxectos que integran o programa "RenÓbrate".

2. A xustificación por horas realizadas nos programa, deberá efectuarse mediante unha relación do alumnado-traballador participante con expresión das súas datas de alta e baixa, xunto coas copias dos seus contratos de traballo e partes de baixa na Seguridade Social. Para a xustificación dos custos salariais do alumnado participante, que se efectuará en función dos contratos efectivamente formalizados e pola duración do período que se xustifica, será necesario achegar a documentación indicada no parágrafo anterior xunto coas nóminas, seguros sociais e xustificantes do seu pagamento.

3. Para a xustificación dos custos salariais e de seguridade social, tanto do alumnado-traballador como do persoal formador, directivo e de apoio, a Fundación presentará os documentos xustificativos individualizados dos gastos efectuados xunto cos documentos bancarios correspondentes (extracto ou cargo bancario); así como unha certificación da Fundación, na que se relacionen todos os xustificantes, individualizados, dos gastos realizados así como a data do seu pagamento.

Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación. A Fundación queda obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

4. Respecto á xustificación dos gastos comprendidos no módulo B a Fundación deberá presentar unha certificación expedida pola persoa titular da secretaría ou órgano equivalente na que conste: nome e NIF da persoa acreedora, número e, no seu caso, serie da factura, concepto, importe, data de emisión da factura e do seu pagamento, acompañado das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente así como os xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados.

5. Respecto da xustificación dos incentivos á contratación, a Fundación deberá presentar as copias dos contratos de traballo acreditativos das contratacións realizadas, que deberán reunir as condicións establecidas no presente convenio en canto a ocupación, duración mínima de 3 meses e xornada completa.



6. A documentación deberá achegarse á solicitude de transferencia de fondos, segundo o modelo que para o efecto estableza o Servizo de Promoción de competencias para o emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

7. A xustificación final de gastos presentárase dentro dos dous meses seguintes ao remate do programa, cuxo prazo non poderá exceder da data límite 1 de maio de 2027. No referente á xustificación dos incentivos á contratación, o prazo de xustificación non poderá exceder da data límite 30 de xullo de 2027.

8. Dentro do prazo establecido no punto anterior, para a xustificación final a Fundación remitirá ao Servizo de Promoción de competencias para o emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración nos modelos que este estableza, a seguinte documentación:

i) Memoria final na que se reflectan as actuacións desenvolvidas e en que se relacionen detallados todos os custos, subvencionados ou non, imputados ao desenvolvemento do programa.

ii) Anexo de liquidación e cadro-resumo de xustificantes de gastos.

iii) Copia dos diplomas de participación, consonte ao modelo que se estableza, entregados ao alumnado participante no programa.

9. O Servizo de Promoción de competencias para o emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración realizará a correspondente comprobación técnico-económica e, en caso de acordo coa xustificación presentada, procederá a tramitación correspondente para o aboamento das cantidades que correspondan.

Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, dos fins para os que foi concedida a subvención, das obrigas previstas no convenio ou dos requisitos establecidos para a xustificación, comunicárase tal circunstancia á Fundación xunto cos resultados da comprobación técnico-económica e iniciarase, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

Décimo primeira. Subvención máxima xustificable por cada proxecto do programa "RenÓbrate"

1. A subvención máxima que se pode admitir como xustificada por cada un dos catros proxectos a desenvolver ao abeiro do presente convenio por gastos de formación e funcionamento, para cada un dos módulos A e B, non poderá exceder o importe que resulte



de multiplicar o número de horas realizadas polo importe de cada módulo e consonte ao recollido nos anexos a este convenio para cada un dos catro proxectos. Para estes efectos, tamén serán consideradas como horas efectivas as do alumnado-traballador que abandone o programa polo tempo comprendido entre a data da súa baixa e, se é o caso, o remate do programa. Igualmente, asimiláranse as horas de formación efectivamente impartidas ás correspondentes aos períodos de vacacións anuais retribuídos gozados, durante o período de duración do programa, polo alumnado participante, establecidos legal ou convencionalmente.

2. A Fundación poderá subscribir acordos de colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante os cales se comprometan a achegar recursos para o desenvolvemento do programa, e tendo en conta o establecido no punto 3 da presente cláusula.

3. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo da actividade que se vai desenvolver.

Décimo segunda. Obrigas

A Fundación, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberá:

- i) Realizar as actividades para as cales se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas neste convenio.
- ii) Dotar as instalacións necesarias de xeito que reúnan as condicións de seguridade e saúde laboral que permitan o normal desenvolvemento das actividades formativas desde o inicio do programa.
- iii) Acreditar ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos esixidos para os que se concedeu a subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida co fin de comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.
- iv) Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do programa subvencionado, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.
- v) Someterse ás actuacións de avaliación, supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración,



así como as previstas no artigo 11. c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas.

vi) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

vii) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á Fundación, coa identificación e conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, para garantir a rastrexabilidade dos pagamentos e o seguimento da pista de auditoría.

viii) Comunicar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional, no momento da sinatura do convenio así como con ocasión da xustificación da execución total do programa e, en todo caso, antes do derradeiro pagamento.

ix) Garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no desenvolvemento do programa.

x) Procurar, na execución do programa, un uso non sexista da linguaxe e velar por transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.

xi) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, a sede do programa, así como as actividades e as obras e servizos que se realicen, tendo en conta que as súas actividades de publicidade e divulgación se adecuarán á normativa correspondente e seguindo os modelos e características que estableza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na cal constará o cofinanciamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

xii) Formar ás persoas participantes nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais contidas no plano formativo e contratar ao alumnado participante, na modalidade contractual e pola duración prevista no convenio, e formalos nos aspectos teóricos e prácticos das actividades obxecto do programa.

xiii) Achegar, directamente ou mediante achegas doutras entidades ou organismos, a parte do custo do proxecto que non subvencione a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

xiv) Cumprir co establecido no artigo 82 da Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.



xv) Prover ao alumnado traballador do equipamento indispensable, que deberá estar dispoñible para o seu uso no momento que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do programa.

xvi) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.

Décimo terceira. Incumprimento de obrigas

1. O incumprimento total ou parcial por parte da Fundación das obrigas establecidas neste convenio así como na demais normativa aplicable ás axudas e subvencións públicas, orixinará, tendo en consideración a natureza e causas do incumprimento e se for o caso, a súa incidencia na formación e cualificación profesional do alumnado-traballador participante, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de axudas ou subvencións máis os xuros de demora nas condicións e de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo do establecido no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2. De conformidade co artigo 14.1. n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe a reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións esixidas á Fundación para a concesión da subvención: reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado.

b) Non realizar a actividade, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado.

c) Incumprimento das obrigas de presentación de documentación esixida na cláusula décima para a xustificación dos gastos: no caso de que non se presente ningunha documentación procederá o reintegro do 100% sobre o gasto subvencionado, e no suposto de presentación de parte da documentación esixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe a reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado.

d) Incumprimento da obriga de satisfacer, con independencia do cobramento da subvención, e mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas de carácter salarial ao seu vencemento: reintegro de ata un 10% sobre o gasto subvencionado.

e) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no apartado xi) da cláusula décimo segunda: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.



f) Incumplimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou epígrafe específico establecida no apartado vii) da cláusula décimo segunda: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.

g) Incumplimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida no apartado vi) da cláusula décimo segunda: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.

h) Incumplimento da obriga establecida no apartado 2 da cláusula primeira do convenio: reintegro do 2% sobre o gasto subvencionado.

Décimo cuarta. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan ou participen nas accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo quinta. Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co previsto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo sexta. Resolución do convenio

1. O presente convenio en canto a súa extinción axustarase ás causas de resolución recollidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Serán causas de resolución as seguintes:

- i) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- ii) O acordo unánime das partes asinantes.



- iii) O incumprimento das obrigas ou compromisos asumidos.
- iv) As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- v) A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- vi) Por calquera outra causa prevista nas leis.

2. No caso de extinción anticipada, a Fundación deberá presentar a xustificación dos gastos realizados con cargo a subvención do presente convenio, no prazo de dous meses desde a súa extinción, procedéndose no seu caso a iniciar o correspondente expediente de reintegro da cantidade que non teña sido executada.

Décimo sétima. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e dúas persoas por parte da Fundación.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e á Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo oitava. Informes de seguimento

A Fundación proporcionará en todo momento a información que lle sexa solicitada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e deberá enviar á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego informes de seguimento, con periodicidade bimensual, sobre o desenvolvemento do programa.

Décimo novena. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente.

Rexerase polas súas propias cláusulas e seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei de subvencións; o Regulamento da Lei de subvencións; os preceptos básicos da Lei xeral de subvencións e o Regulamento da Lei xeral de subvencións; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de



transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables. De xeito supletorio, será de aplicación a Orde do 14 novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 228 do 25 de novembro de 2025).

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa.

Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vixésima. Autorización, publicidade e rexistro do convenio

1. A Fundación autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, a través de certificacións telemáticas.

2. As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nel sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto), e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro).

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Vixésima primeira. Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas



físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Vixésimo segunda. Ámbito de aplicación e vixencia

O presente convenio terá efectos desde a súa sinatura ata o 31 de xullo de 2027 e comprenderá todas as actuacións sinaladas no convenio, desenvoltas no ámbito territorial de Galicia e que se realicen no período comprendido desde a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2027.

Porén, serán imputables ao presente convenio os gastos que respondan de xeito indubidable á realización das accións obxecto do convenio, realizados desde un mes antes á sinatura do mesmo e sempre que estean debidamente xustificadas.

Vixésimo terceira. Tramitación na sede electrónica

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En caso de que achegue a documentación de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da



Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma prevista no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Vixésimo cuarta. Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter a súa dirección de correo electrónico habilitada a través do Sistema de Notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración poderá de oficio crear a indicada dirección, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas do seu deber de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se accedese ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Vixésimo quinta. Fraude, corrupción e conflito de intereses

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento da Xunta de Galicia, a través da canle de denuncias da Xunta de Galicia, de comunicación de información en materia de integridade institucional, dispoñible na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denun->



cias.

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan o exemplar no lugar e data indicados na cabeceira.

O conselleiro de
Emprego, Comercio e Emigración

O presidente de CT Galicia de FUNDACIÓN
LABORAL DA CONSTRUCCIÓN

José González Vázquez

Diego Vázquez Reino



ANEXO

Proxecto RenÓbrate no Concello de Arteixo

- **Duración** : 510 horas
 - **Obxectivos xerais** : Adquirir a formación en materia de prevención de riscos laborais do sector da construción segundo o programa formativo de segundo e terceiro ciclo vixente do Convenio Xeral do Sector de Construción, así como as competencias vinculadas aos diferentes traballos a realizar.
 - **Ocupacións e postos de traballo relacionados**
 - Albaneis
 - Aplicadores de revestimentos continuos de fachadas
 - Revocadores (construción)
 - Colocador de prefabricados lixeros (construción).
 - Operario de albanería
 - Axudante de albanel
 - Albanel tabiqueiro
 - Colocador de pavimentos lixeiros, en xeral
 - Operario de acabados.
 - Axudante de instalador de placa de xeso laminado
 - **Descrición dos traballos a realizar acorde á formación teórico-práctica a impartir** : Realizaranse traballos de reforna e acondicionamento de diferentes locais de uso público de titularidade municipal que incluirá:
 - Demolición de tabiques de ladrillo e apertura de ocós
 - Levantado e revestimento de tabiques de ladrillo
 - Levantado de tabiques e teitos de placas lixeiras de xeso
 - Acabados de paramentos e pintura.
 - Pavimentación de locais interiores con pezas ríxidas.
 - Colaboración na modificación de instalacións de abastecemento, electricidade e saneamento dos locais.
- Realizaranse ademais traballos de reparación de mobiliario urban en espazos públicos sites en direntes localizacións municipais, que incluirán:
- Lixado, preparación e pintado de barandas, bancos, farolas, etc.
 - Limpeza por chorreo de elementos de mobiliario urbano
 - Reparacións menores de mobiliario urbano



- Formación**

PROGRAMA EXPERIENCIAL DE FORMACIÓN E EMPREGO				
RenÓbrate. REFORMAS E TRABALLOS DE PINTURA				
			TOTAL	510 h.
A	FORMACIÓN TRANSVERSAL	0 h.	0 h.	86 h.
A1	FCOO03_INSERTIÓN LABORAL, SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XÉNERO	0 h.	10 h.	0,00
A2	FCOI01_ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA: INTERNET	0 h.	10 h.	0,00
A3	NIVEL BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS	0 h.	60 h.	0,00
A4	FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE OFICIO (ALBANELARÍA)	0 h.	6 h.	0,00
D	FORMACIÓN REFORMAS E PINTURA	0 h.	0 h.	424 h.
D1	DEMOLICIÓN E OPERACIÓN PREVIAS EN OBRAS DE REFORMA	0 h.	16 h.	0 h.
	1 Operacións en traballos de demolición. Orde de operacións e precaucións.	4 h.	0 h.	0 h.
	2 Clasificación, almacenaxe e xestión de residuos en operacións de desmontado e demolición.	4 h.	0 h.	0 h.
	3 Nocións básicas de montaxe de estadas, borriquetas, vallas,	8 h.		
D2	TRABALLOS DE ALBANELARÍA	0 h.	136 h.	0 h.
	1 Traballos elementais de albanelaría. Uso de útiles e pequena maquinaria.	4 h.	0 h.	0 h.
	2 Elaborar morteiros e formigóns.	16 h.		
	3 Execución de fábricas de ladrillo.	56 h.		
	4 Revestimento de fábricas con morteiros.	60 h.		
D3	PAVIMENTOS DE PEZAS RÍXIDAS	0 h.	48 h.	0 h.
	1 Nivelación de chans. Preparación de superficies	16 h.	0 h.	0 h.
	2 Colocación de pavimentos de pezas ríxidas	32 h.	0 h.	0 h.
D4	TRABALLOS BÁSICOS CON PLACA DE XESO LIXEIRO.	0 h.	68 h.	0 h.
	1 Traballos básicos con PXL. Materiais, ferramentas, almacenaxe, manipulación, cortes.	4 h.	0 h.	0 h.
	2 Traza e elaboración de tabiques e trasdosados autoportantes de PXL	40 h.	0 h.	0 h.
	3 Traza e elaboración de teitos continuos con PXL.	24 h.	0 h.	0 h.
D5	PINTURA	0 h.	72 h.	0 h.
	1 Traballos básicos de pintura. Útiles, procedementos e medios de protección	2 h.	0 h.	0 h.
	2 Preparación de superficies. Lixado, chorreo, emplastecidos.	6 h.	0 h.	0 h.
	3 Pintura en paramentos. Tipos de pintura.	32 h.	0 h.	0 h.
	4 Pintura sobre superficies metálicas ou madeira.	32 h.	0 h.	0 h.
D6	AXUDAS A OFICIOS	0 h.	84 h.	0 h.
	1 Coordinación de actividades na obra. Axudas de albanelaría a oficios e instaladores.	4 h.	0 h.	0 h.
	2 Instalación de elementos de carpintería. Conceptos básicos. Operacións de apoio.	16 h.	0 h.	0 h.
	3 Instalación eléctrica. Conceptos básicos. Traballos de asistencia ao equipo instalador	16 h.	0 h.	0 h.
	4 Instalación de fontanería e calefacción. Conceptos básicos. Traballos de asistencia ao equipo instalador	16 h.		
	5 Instalación de saneamento. Tendido de canalizacións. Arquetas. Traballos de apoio.	32 h.		



- **Financiamento (duración proxecto 9 meses e 20 alumnos/as participantes)**

Tipoloxía de gasto	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total	Importe módulo	Cálculo
Custos salariais alumnado/traballadores (20 alumnos/as)	192.443,00 €	96.221,00 €	288.664,00 €	SMI vixente e costes seg.soc	O cálculo realízase atendendo ao importe do SMI e das cotas á seguridade social: SMI:1.221 euros/alumno/mes Seg.Soc:161,27/alumno/mes
Gastos derivados dos custos salariais do persoal dirección, formador e de apoio	86.208,00 €	43.104,00 €	129.312,00 €	Módulo A: 4,49 €	4,49€*80alum*1.440h oras
Gastos xerais de funcionamento e xestión do programa	24.384,00 €	12.192,00 €	36.576,00 €	Módulo B: 1,27 €	1,27€*80 alum*1.440horas
Incentivos: 12 (60% previsto na cláusula primeira, apartado 2 do convenio)	0,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	1.500€ por alumno/a insertado	A entidade percibirá 1.500 euros por cada alumno que logre insertar laboralmente
Total	303.035,00 €	169.517,00 €	472.552,00 €		



Proxecto RenÓbrate no Concello de O Carballiño

- **Duración** : 510 horas
- **Obxectivos xerais** : Adquirir a formación en materia de prevención de riscos laborais do sector da construción segundo o programa formativo de segundo e terceiro ciclo vixente do Convenio Xeral do Sector de Construción, así como as competencias vinculadas aos diferentes traballos a realizar.
- **Ocupacións e postos de traballo relacionados**
 - Albaneis
 - Aplicadores de revestimentos continuos de fachadas
 - Revocadores (construción)
 - Colocador de prefabricados lixeiros (construción)
 - Operario de albanería
 - Axudante de albanel
 - Albanel tabiqueiro
 - Colocador de pavimentos lixeiros
 - Operario de acabados
- **Descrición dos traballos a realizar acorde á formación teórico-práctica a impartir** : realizaranse traballos de reforma e acondicionamento de distintos locais de titularidade municipal que inclúen:
 - Demolición de tabiques de ladrillo e apertura de ocos
 - Levantado e revestimento de tabiques de ladrillo
 - Levantado de tabiques e teitos de placas lixeiras de xeso
 - Acabados de paramentos e pintura
 - Pavimentación de locais interiores con pezas ríxidas
 - Colaboración na modificación de instalacións de abastecemento, electricidade e saneamento do local

Realizaranse ademais traballos de acondicionamento en espazos públicos situados en diversas localizacións municipais que incluírán:

- Acondicionamento e construción de pavimentos peonís exteriores
- Adaptación e nivelación de arquetas de instalacións existentes
- Elaboración de elementos complementarios de urbanización



- Formación**

PROGRAMA EXPERIENCIAL DE FORMACIÓN E EMPREGO				TOTAL	510 h.
RenÓbrate. ALBANELARÍA E PAVIMENTOS URBANOS					
A	FORMACIÓN TRANSVERSAL			0 h.	86 h.
A1	FCOO03_INSERTIÓN LABORAL, SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XÉNERO			0 h.	0,00
A2	FCOI01_ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA: INTERNET			0 h.	0,00
A3	NIVEL BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS			0 h.	0,00
A4	FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE OFICIO (ALBANELARÍA)			0 h.	0,00
D	FORMACIÓN REFORMAS E PINTURA			0 h.	424 h.
E1	MONTAXE DE MEDIOS AUXILIARES E DE PROTECCIÓN			8 h.	0 h.
	1	Nocións básicas de montaxe de estadas, borriquetas, vallas,		8 h.	0 h.
E2	TRABALLOS DE ALBANELARÍA			140 h.	0 h.
	1	Traballos elementais en albanelaría. Uso de útiles e pequena maquinaria.		4 h.	0 h.
	2	Clasificación, almacenaxe e xestión de residuos		4 h.	
	3	Elaborar morteiros e formigóns.		16 h.	
	4	Execución de fábricas de ladrillo.		56 h.	
	5	Revestimento de fábricas con morteiros.		60 h.	
E3	REVESTIMENTOS CON PEZAS RÍXIDAS			56 h.	0 h.
	1	Nivelación de chans. Preparación de superficies		4 h.	0 h.
	2	Colocación de pavimentos de pezas ríxidas e rodapés		24 h.	0 h.
	3	Revestimento de paredes con pezas ríxidas. Preparación de superficies		4 h.	
	4	Elaboración de revestimentos con azulexos e aplacados.		24 h.	
E4	TENDIDO DE INSTALACIÓNS E ALBANELARÍA PARA URBANIZACIÓN			74 h.	0 h.
	1	Preparación de traballos en gabias. Perfilado, Taludes, Esteamentos sinxelos, bases, recheo.		24 h.	0 h.
	2	Tendido de instalacións de saneamento e drenaxe. Pendentes, nivelación. Elementos y Materiais.		24 h.	0 h.
	3	Instalación arquetas, sumidoiros e pozos prefabricados. Sinalización e protección de instalacións.		8 h.	0 h.
	4	Elaboración arquetas e elementos de fábrica.		16 h.	
	5	Traballos de asistencia a equipos instaladores (abastecemento, gas, electricidade, datos, ...)		2 h.	
E5	ELABORACIÓN DE PAVIMENTOS PEONÍS CON PEZAS RÍXIDAS EN URBANIZACIÓN			146 h.	0 h.
	1	Tipos de pavimentos en obras de urbanización. Elementos complementarios		6 h.	0 h.
	2	Trazado previo e preparación de rasantes, niveis e ramplas.		18 h.	0 h.
	3	Compactación e regularización. Elaboración de subbases e bases. Integración de servizos urbanos.		16 h.	0 h.
	4	Elaboración de confinamentos e bordos.		16 h.	0 h.
	5	Elaboración de pavimentos exteriores con pezas ríxidas (baldosas e lastros).		60 h.	
	6	Integración e elaboración de puntos especiais (vaos, ramplas, alcorques, rexistros, cambios de pavimento)		30 h.	



• **Financiación (duración proxecto 9 meses e 20 alumnos/as participantes)**

Tipoloxía de gasto	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total	Importe módulo	Cálculo
Custos salariais alumnado/traballadores (20 alumnos/as)	192.443,00 €	96.221,00 €	288.664,00 €	SMI vixente e costes seg.soc	O cálculo realízase atendendo ao importe do SMI e das cotas á seguridade social: SMI:1.221 euros/alumno/mes Seg.Soc:161,27/alumno/mes
Gastos derivados dos custos salariais do persoal dirección, formador e de apoio	86.208,00 €	43.104,00 €	129.312,00 €	Módulo A: 4,49 €	4,49€*80alum*1.440h oras
Gastos xerais de funcionamento e xestión do programa	24.384,00 €	12.192,00 €	36.576,00 €	Módulo B: 1,27 €	1,27€*80 alum*1.440horas
Incentivos: 12 (60% previsto na cláusula primeira, apartado 2 do convenio)	0,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	1.500€ por alumno/a insertado	A entidade percibirá 1.500 euros por cada alumno que logre insertar laboralmente
Total	303.035,00 €	169.517,00 €	472.552,00 €		



Proxecto RenÓbrate no Concello de Sanxenxo

- **Duración :** 510 horas
 - **Obxectivos xerais :** adquirir a formación en materia de prevención de riscos laborais do sector da construción segundo o programa formativo de segundo e terceiro ciclo vixente do Convenio Xeral do Sector de Construción, así como as competencias vinculadas aos diferentes traballos a realizar.
 - **Ocupacións e postos de traballo relacionados :**
 - Albanéis
 - Aplicadores de revestimentos continuos de fachadas
 - Revocadores (construción)
 - Colocador de prefabricados lixeiros (construción)
 - Operario de albanelería
 - Axudante de albanel
 - Albanel tabiqueiro
 - Colocador de pavimentos lixeiros
 - Operario de acabados
 - **Descrición dos traballos a realizar acorde á formación teórico-práctica a impartir:** realizaranse traballos de reforma e acondicionamento de distintos locais de titularidade municipal que inclúen:
 - Demolición de tabiques de ladrillo e apertura de ocós
 - Levantado e revestimento de tabiques de ladrillo
 - Levantado de tabiques e teitos de placas lixeiras de xeso
 - Acabados de paramentos e pintura
 - Pavimentación de locais interiores con pezas ríxidas
 - Colaboración na modificación de instalacións de abastecemento, electricidade e saneamento do local
- Realizaranse ademais traballos de acondicionamento en espazos públicos situados en diversas localizacións municipais que incluírán:
- Acondicionamento e construción de pavimentos peonís exteriores
 - Adaptación e nivelación de arquetas de instalacións existentes
 - Elaboración de elementos complementarios de urbanización



- **Formación**

PROGRAMA EXPERIENCIAL DE FORMACIÓN E EMPREGO RenÓbrate. ALBANELARÍA E PAVIMENTOS URBANOS			TOTAL	510 h.
A	FORMACIÓN TRANSVERSAL		0 h.	86 h.
A1	FCOO03_INSERTIÓN LABORAL, SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XÉNERO		0 h.	0,00
A2	FCOI01_ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA: INTERNET		0 h.	0,00
A3	NIVEL BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS		0 h.	0,00
A4	FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE OFICIO (ALBANELARÍA)		0 h.	0,00
D	FORMACIÓN REFORMAS E PINTURA		0 h.	424 h.
E1	MONTAXE DE MEDIOS AUXILIARES E DE PROTECCIÓN		8 h.	0 h.
	1	Nocións básicas de montaxe de estadas, borriquetas, vallas,	8 h.	0 h.
E2	TRABALLOS DE ALBANELARÍA		140 h.	0 h.
	1	Traballos elementais en albanelaría. Uso de útiles e pequena maquinaria.	4 h.	0 h.
	2	Clasificación, almacenaxe e xestión de residuos	4 h.	
	3	Elaborar morteiros e formigóns.	16 h.	
	4	Execución de fábricas de ladrillo.	56 h.	
	5	Revestimento de fábricas con morteiros.	60 h.	
E3	REVESTIMENTOS CON PEZAS RÍXIDAS		56 h.	0 h.
	1	Nivelación de chans. Preparación de superficies	4 h.	0 h.
	2	Colocación de pavimentos de pezas ríxidas e rodapés	24 h.	0 h.
	3	Revestimento de paredes con pezas ríxidas. Preparación de superficies	4 h.	
	4	Elaboración de revestimentos con azulexos e aplacados.	24 h.	
E4	TENDIDO DE INSTALACIÓN E ALBANELARÍA PARA URBANIZACIÓN		74 h.	0 h.
	1	Preparación de traballos en gabias. Perfilado, Taludes, Esteamentos sinxelos, bases, recheo.	24 h.	0 h.
	2	Tendido de instalacións de saneamento e drenaxe. Pendentes, nivelación. Elementos y Materiais.	24 h.	0 h.
	3	Instalación arquetas, sumidoiros e pozos prefabricados. Sinalización e protección de instalacións.	8 h.	0 h.
	4	Elaboración arquetas e elementos de fábrica.	16 h.	
	5	Traballos de asistencia a equipos instaladores (abastecemento, gas, electricidade, datos, ...)	2 h.	
E5	ELABORACIÓN DE PAVIMENTOS PEONÍS CON PEZAS RÍXIDAS EN URBANIZACIÓN		146 h.	0 h.
	1	Tipos de pavimentos en obras de urbanización. Elementos complementarios	6 h.	0 h.
	2	Trazado previo e preparación de rasantes, niveis e ramplas.	18 h.	0 h.
	3	Compactación e regularización. Elaboración de subbases e bases. Integración de servizos urbanos.	16 h.	0 h.
	4	Elaboración de confinamentos e bordos.	16 h.	0 h.
	5	Elaboración de pavimentos exteriores con pezas ríxidas (baldosas e lastros).	60 h.	
	6	Integración e elaboración de puntos especiais (vaos, ramplas, alcorques, rexistros, cambios de pavimento)	30 h.	



• **Financiación (duración proxecto 9 meses e 20 alumnos/as participantes)**

Tipoloxía de gasto	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total	Importe módulo	Cálculo
Costos salariais alumnado/traballadores (20 alumnos/as)	192.443,00 €	96.221,00 €	288.664,00 €	SMI vixente e costes seg.soc	O cálculo realízase atendendo ao importe do SMI e das cotas á seguridade social: SMI:1.221 euros/alumno/mes Seg.Soc:161,27/alumno/mes
Gastos derivados dos custos salariais do persoal dirección, formador e de apoio	86.208,00 €	43.104,00 €	129.312,00 €	Módulo A: 4,49 €	4,49€*80alum*1.440h oras
Gastos xerais de funcionamento e xestión do programa	24.384,00 €	12.192,00 €	36.576,00 €	Módulo B: 1,27 €	1,27€*80 alum*1.440horas
Incentivos: 12 (60% previsto na cláusula primeira, apartado 2 do convenio)	0,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	1.500€ por alumno/a insertado	A entidade percibirá 1.500 euros por cada alumno que logre insertar laboralmente
Total	303.035,00 €	169.517,00 €	472.552,00 €		



Proxecto RenÓbrate no Concello de Santiago de Compostela-Consorcio de Santaigo de Compostela

- **Duración** : 502 horas
- **Obxectivos xerais** : Adquirir a formación en materia de prevención de riscos laborais do sector da construción segundo o programa formativo de segundo e terceiro ciclo vixente do Convenio Xeral do Sector de Construción, así como as competencias vinculadas aos diferentes traballos a realizar.
- **Ocupacións e postos de traballo relacionados**
 - Albaneis
 - Aplicadores de revestimentos continuos de fachadas
 - Revocadores (construción)
 - Colocador de prefabricados lixeiros (construción)
 - Operario de albanelería
 - Axudante de albanel
 - Albanel tabiqueiro
 - Colocador de pavimentos lixeiros
 - Operario de acabados.
- **Descrición dos traballos a realizar acorde á formación teórico-práctica a impartir:**

Realizaranse traballos de rehabilitación, reparación e acondicionamento de elementos de urbanización e mobiliario urbano elaborado en pedra, de titularidade pública:

 - Reparar e elaborar muros de mampostería de pedra
 - Limpeza e rexuntado de muros de mampostería e sillería
 - Labrado e colocación ou reposición de pezas de granito
 - Elaboración ou reparación de pavimentos de pedra
 - Traballos de albanelería auxiliares.



- Formación**

PROGRAMA EXPERIENCIAL DE FORMACIÓN E EMPREGO				
Renóbrate				
OBRAS EN PEDRA			TOTAL	502 h.
A	FORMACIÓN TRANSVERSAL		0 h.	86 h.
A1	FCOO03_INSERTIÓN LABORAL, SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XÉNERO		0 h.	10 h.
A2	FCOI01_ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA: INTERNET		0 h.	10 h.
A3	NIVEL BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS		0 h.	60 h.
A4	FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE OFICIO		0 h.	6 h.
B	FORMACIÓN PEDRA		0 h.	416 h.
B1	TRABALLOS BÁSICOS DE ALBANELARÍA		0 h.	80 h.
	1	Traballos elementais en albanelaría. Uso de útiles e pequena maquinaria.	8 h.	0 h.
	2	Elaborar morteiros e formigóns.	16 h.	0 h.
	3	Execución de fábricas de ladrillo.	32 h.	0 h.
	4	Revestimento de fábricas con morteiros.	24 h.	0 h.
B2	CACHOTARÍA		0 h.	80 h.
	1	Trazar e elaborar cachotaría en seco. Selección, axuste e colocación de cachotes.	32 h.	0 h.
	2	Colocación, axuste e remates de cachotaría con morteiro.	32 h.	0 h.
	3	Rexuntado de cachotaría.	16 h.	0 h.
B3	LABRADO DE PEZAS DE CANTARÍA, LOUSAS E ELEMENTOS ESPECIAIS		0 h.	80 h.
	1	Corte, desempenado e escuadrado de cantería de granito	30 h.	0 h.
	2	Labrado de caras y arestas de cantaría de granito con ferramentas manuais	30 h.	0 h.
	3	Labrado de molduras rectas, axustes e encaixes.	20 h.	0 h.
B4	COLOCACIÓN DE CANTARÍA, LOUSAS E REMATES		0 h.	96 h.
	1	Trazo previo da colocación de cantaría e lousas.	8 h.	0 h.
	2	Axuste, asentado e nivelado de cantaría.	40 h.	0 h.
	3	Preparación do firme e elaboración da capa de asento para lousas de granito.	8 h.	0 h.
	4	Axuste, asentado e nivelado de lousas.	40 h.	0 h.
B5	AXUSTE E REMATES EN REHABILITACIÓN DE OBRAS DE CANTARÍA E CACHOTARÍA		0 h.	80 h.
	1	Colocación de pezas especiais. Asento, nivelación, axuste e relabrado.	20 h.	0 h.
	2	Limpeza de fábricas de pedra.	20 h.	0 h.
	3	Eliminación de morteiros, Limpeza e reelaboración de xuntas.	40 h.	0 h.



• **Financiación (duración proxecto 9 meses e 20 alumnos/as participantes)**

Tipoloxía de gasto	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total	Importe módulo	Cálculo
Custos salariais alumnado/traballadores (20 alumnos/as)	192.443,00 €	96.221,00 €	288.664,00 €	SMI vixente e costes seg.soc	O cálculo realízase atendendo ao importe do SMI e das cotas á seguridade social: SMI:1.221 euros/alumno/mes Seg.Soc:161,27/alumno/mes
Gastos derivados dos custos salariais do persoal dirección, formador e de apoio	86.208,00 €	43.104,00 €	129.312,00 €	Módulo A: 4,49 €	4,49€*80alum*1.440h oras
Gastos xerais de funcionamento e xestión do programa	24.384,00 €	12.192,00 €	36.576,00 €	Módulo B: 1,27 €	1,27€*80 alum*1.440horas
Incentivos: 12 (60% previsto na cláusula primeira, apartado 2 do convenio)	0,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	1.500€ por alumno/a insertado	A entidade percibirá 1.500 euros por cada alumno que logre insertar laboralmente
Total	303.035,00 €	169.517,00 €	472.552,00 €		

